CONCELLO DE TUI
SAIDA
Data 28 XULL. 2014
Nº: 2656

EXCMO. CONCELLO DE TUI
Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui
Telef: 986 603 625 – Fax: 986 600 570

**DONA IRENE SUÁREZ LÓPEZ, SECRETARIA DO EXCMO. CONCELLO DE TUI,**

**CERTIFICA:** Que o Sr. Alcalde-Presidente, con esta data, ditou a resolución do seguinte teor literal:

**"Resolución de Alcaldía.- Convocatoria da mesa de contratación de contrato de "Servizo de docencia para a contratación de accións formativas de formación ocupacional".**

Con data 10 de xullo de 2014 se realizou a Mesa de Contratación para apertura do sobre nº 2, oferta económica, das empresas presentadas á licitación, acordándose pola Mesa de Contratación solicitar xustificación de viabilidade das propostas económicas presentadas e outorgándose un prazo de tres días hábiles, dado que se trata dun contrato tramitado por procedemento de urxencia, para a súa presentación ás seguintes empresas:

- FORGA - Fundación para a Orientación Profesional, a Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, Emprego e Formación en Galiza.
- G12 Grupo Empresarial de Servicios, S.L.
- NORFORMACIÓN, S.L.

Unha vez que as empresas presentaron a documentación os efectos de cumprimento do requirido, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.**- Convocar á Mesa de Contratación para o vindeiro **martes, día 29 de xullo ás 9:30 horas,** aos efectos de posta en coñecemento da documentación presentada polas empresas requiridas, anteriormente citadas; para comprobar a súa viabilidade e proceder a Mesa de Contratación a elevar a correspondente proposta de adxudicación.

**SEGUNDO.**- Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía aos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención, ao taboleiro de edictos e perfil do contratante así como ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre."

E para que así conste, emito a presente orde eco visto e prace do Sr. Alcalde en Tui, a vinte e oito de xullo de 2014.-

Vº Pr.
O ALCALDE-PRESIDENTE

CONCELLO DA M.N. e M.L. CIDADE DE TUI - SECRETARÍA

TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO DE TUI.